

de Compostela (A Coruña) ou na páxina web oficial www.deportegalego.eu. Teléfono: 981 55 27 70.

Lugar de presentación: na sede da *Fundación Deporte Galego*.

Prazo: o prazo para a presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o venres 9 de marzo de 2007.

Resolucións: conforme os criterios establecidos nas bases, dentro do período máximo de 5 meses a partir da finalización do prazo de solicitude.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2007.

Santiago Domínguez Olveira
Vicepresidente executivo do Padroado
da *Fundación Deporte Galego*

FUNDACIÓN PÚBLICA HOSPITAL DA BARBANZA

Anuncio de apertura de listas complementarias de contratación temporal de persoal.

A *Fundación Pública Hospital da Barbanza* anuncia:

1. A apertura dun prazo de presentación de solicitudes para a inclusión nas listas de contratación do Pacto colectivo sobre a selección temporal de persoal para titulados no ano 2006 nas seguintes categorías: auxiliar de enfermaría, técnico especialista en laboratorio, técnico especialista en radiodiagnóstico, enfermeiras, fisioterapeuta, traballador social. (Ref. Listas de contratación temporal titulados 2006).

2. A apertura dun prazo de presentación de solicitudes para as persoas que, estando xa incluídas nas listas vixentes poidan achegar experiencia ou prácticas voluntarias con posterioridade ao 19 de abril de 2006 nos servizos especiais nas categorías de auxiliar de enfermaría, enfermeiras e persoal de servizos xerais. (Ref. Listas de contratación servizos especiais).

O texto completo do pacto poderá ser consultado na páxina web do Sergas (www.sergas.es) e no taboleiro de anuncios da fundación.

Os interesados deberán ingresar, segundo o disposto no art. 50 da Lei 14/2006, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, que actualiza as tarifas contidas na Lei 7/2005, do 29 de decembro, de taxas, prezos e exaccións, a cantidade de 16,32 euros común para todas as categorías, en concepto de taxas de inscrición nas listas de contratación temporal mediante o modelo A de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia en calquera das entidades colaboradoras.

Os aspirantes deberán presentar a documentación acreditativa dos méritos alegados autenticados e fotocopia do DNI, así como o xustificante de pagamento de taxas ao seu nome, xunto coa solicitude de inscrición no prazo de 15 días naturais a partir do seguinte á

presente publicación, ben persoalmente ou por correo certificado no seguinte enderezo:

Fundación Pública Hospital da Barbanza.

Ref. Listas de contratación temporal titulados 2006 ou Ref. Listas de contratación servizos especiais. Lgar. Salmón Oleiros s/n, 15993 Ribeira (A Coruña).

Ribeira, 7 de febreiro de 2007.

Rosario Vázquez López
Directora da *Fundación Pública Hospital da Barbanza*

SUELO EMPRESARIAL DEL ATLÁNTICO, S.L.

Anuncio de comercialización de parcelas no parque empresarial de Mondoñedo (Lugo-Galicia).

Iníciase o prazo de presentación de solicitudes para a adquisición de parcelas incluídas no parque empresarial de Mondoñedo.

Recollida de documentación:

O prego de condicións, os seus anexos e demais documentación poderán retirarse en:

Suelo Empresarial del Atlántico, S.L.

Polígono das Fontiñas. Área Central, 1º andar, local 27 A, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Igualmente, a documentación poderá solicitarse para o seu envío mediante correo electrónico aos enderezos:

cotero@seainfo.es
comercial@infoinvest.es

E na páxina web: www.infoinvest.es.

Teléfonos de información: 981 57 54 69/91 396 11 32.

Lugar de presentación de ofertas:

Suelo Empresarial del Atlántico, S.L.

Polígono das Fontiñas. Área Central, 1º andar, local 27 A, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña).

O anuncio do envío da oferta por correo poderase realizar:

Ao fax: 981 57 14 64

E aos enderezos correo electrónico: comercial@infoinvest.es, cotero@seainfo.es

Data límite de presentación de ofertas: ata as dezaioito horas do luns 9 de abril de 2007.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2007.

Jesús Martín-Consuegra López de la Nieta Ricardo Romero Yela
Apoderados de *Suelo Empresarial del Atlántico, S.L.*